

Cairn

Nº 66 | 2015

PIRINEOS

Val de Tena

ALPES

Un verán por Chamonix

PERÚ

Aventura polo Imperio Inca

200 km a toda costa

A costa da Morte a pé

Dolomitas

Escalada no paraíso

GR-56

O transourensán de novo



02	Semana Audiovisual	10	Pirineos	30	Transcantábrica	50	O refu
03	Concurso de fotografía	18	GR-56	32	A toda costa		
04	Un ano de actividades	20	G.E.O.	38	Un mes en caravana		
08	Semana Audiovisual	22	Alpes	42	Perú		

Revista anual do Cub Alpino Ourenán

Club Alpino Ourenán
 R/Bedoya nº 4, local 9
 32004 Ourense
 contacto@clubalpinoourensan.es
 www.clubalpinoourensan.es
 © CAIRN Dep.Legal OR 119/9

Redacción

Pedro Seoane, Margarita Blanco, Ricardo Veiga, Isabel Gómez, Estefanía González, Manuela Varela, Lucas Rodríguez, Víctor Barro, Ines Castro, Tania Cruz, Alfonso González, Antón Gavela, Jesus Fariñas, Anxo Fernández, Miguel Jelusich, Alberto Vila, Chicho López, Maite López, Mundi

A maioría das actividades aquí mostradas conlevan un risco significativo de danos persoais ou incluso de morte. A escalada en rocha, escalada en xeo, alpinismo e outras actividades no medio natural son inherentemente perigosas. A Xunta Directiva do Club Alpino Ourenán non recomenda que calquera participe nesas actividades a menos que sexan expertos, ou busquen a axuda dun profesional e coñece e está disposto persoalmente a asumir toda a responsabilidade asociada con aqueles riscos.

Pirineos

Val de Tena

Este ano os de Ourense e os do Porriño e Marín e de varios puntos da xeografía galega, xuntáronse nos aledaños de Sallent de Gállego, no cámping de Escarrilla. Case o mesmo que naqueles Pirineos do 2003. Daquela, hai quen lembra, que unha parella que agora é xa vella parella, comezaba unha bella relación. Dician algúns que “tal e cual, comezaban a se falar”.

Comezamos con forza

Neste ano comezou a cousa con forza. Non as relación sentimentais, senón as actividades. Na primeira xornada, no domingo primeiro de agosto, o grupo ao completo, dirixiuse ao “Macizo del

Infierno o Quijada de Pondiellos». Bela subida polo GR-11 sempre en dirección Norte hacia os encoros de Bachimaña. Bonitos vales, salpicados de regatos e torrenteras con fervezas. Logo toman hacia os “Ibones Azules” e sempre, nesta nova dirección Oeste, hacia o “Cuello del Infierno”. Tremenda subida, dende onde se intúe o ibón de Terrabay. Ese gran percorrido, segue hacia o refuxio do Respomuso, pero o grupo non o fai. Eles toman o cresteo con algo de trepada ata os “Picos del Infierno”. Norte, Sur e Central, non en ese orde, caeron tódalas cimas. O cronista non lembra se tamén ficaron no “Pico de Arnals”.

Celebracións, apertas e bicos en cada cumio. Este ano non houbo

Imaxe grande:
Aproximando hacia
o Midi d'Ossau co
pico ó fondo.
Na imaxe pequena
buscando a baixada
dende os Picos da
Frondiella.



UN PAR DE ESTIVAS SEMÁNS ALPINAS EN CHAMONIX



Houbo un tempo en que viaxar ós Alpes era para moitos de nós, montañeiros aspirantes a alpinistas, a inspiración precisa para soportar as rutinas do día a día.

Logo de ter lidas e escoitadas tantas historias de Rebuffat, de Bonatti, de Cassin, de Whymper, ..., e do Quino, do Toni, do Chamo, ... ¿quen podería non soñar con enche-la mochila con elas -e con algo de quincalla nos ocos que quedasen :-)- e tentar, tal vez repetir, ou -por que non- descubrir aventuras como as deles. Porque escalar, como eles o facían..., non era deporte, ... era vivir...

Este verán volví a te-la oportunidade de ir ó centro neuráxico dun dos lugares míticos do alpinismo: Chamonix. Xa estiven varias veces aló, así que o peso das súas míticas historias non me abruma como a primeira vez, incluso me decepciona o ambiente urbano do lugar, xa sen o celme nin o encanto desa época de pioneiros evocada no meu maxín por aquelas xa lonxanas lecturas da miña mocidade. Pero todo o malo que trae consigo a masificación, as modas e a mercantilización destes lugares é tamén o que os fai accesibles á xente que coma min, doutro xeito, se cadra nunca se atreverían ou terían a oportunidade de ir: e a dualidade deste universo con tantos desequilibrios non da repouso á miña mente cadriculada que, trastornada, non pode evita-lo sentimento de culpabilidade por ser copartícipe, coa miña presenza, á degradación do espírito e do medio no que me movo -aí vos queda iso...-

Xuntáramonos en Ourense catro membros do Club Alpino Ourenseño, procedentes de cada unha das 4 provincias galegas (non esquezamos que en tempos foron 7, así que para facer un grupo máis numeroso habrá que cambia-lo mapa político da Galiza :-)): o Lucas xa estaba en Ourense, o Manu, viña de Lugo, o Aviño de Santiago e eu dende Vigo. Con moito máis material e roupa do que precisaríamos, enchemos cada oco da furgon e pasamos a Francia pola Junquera (en vez de por Irún como se fai habitualmente), tentando evitar no posible as carísimas autopistas francesas (que

non son os cataláns os únicos que miran pola pela, eh).

A viaxe obríganos a durmir de camiño e, neste caso, fixémoslo xa bastante perto de Chamonix, nunha pequena área de descanso de Megève, un par dentro da furgon e outro baixo unhas árbores xunto a uns baños públicos, no que sería o precedente do costume que seguimos a maioría das noites que pasamos en Francia.

O primeiro nabo... :-)

Grandes Jorasses e Les Drus eran obxectivos do Manu ós que Lucas apuntábase, pero que para Aviño e min resultaban excesivos, polo que pensabamos que aínda que fixeramos algunha actividade xuntos, logo, cada cordada encamiñárase cara a destinos distintos. Así, para comezar, subimos todos ata a cabana de Blaitiere Dessus (1.926 m.) que pese a non ter garda e ser moi modesta, está bastante limpa, ten o seu carón unha fonte, e ofrece un lugar cuberto para pernoctar e refuxiarse das inclemencias do tempo: o lugar ideal para nós...

A nosa intención era ascender polo glaciar de Nantillons para face-la travesía do Grand Charmoz ó Grépon, pero logo do madrugón de rigor, atopámonos cun glaciar retraído, roto, sucio e de ameazante aspecto, con restos de avalanchas ou derrubes dos seracs debido a que as altas temperaturas deste ano provocaban o desmoronamento do xeo. Así que logo de escoitar un par de veces o son característico da caída dalgún bloque renunciámonos á escalada e, como non tiñamos un plan B, decidimos dar un paseo exploratorio pola zona.

Uns ó Grand Capuccin e outros á aresta de Cosmiques.

De volta á cabana o Lucas para non perder un día máis, propúxolle a Manu baixar inmediatamente a colle-lo teleférico e achegarse esa mesma xor-

MAIS DE 200 km A TODA COSTA

“Vin cousas que vos non criades...”, pasei unha noite con mulleres en picardías nun cuartel militar abandonado, vin un raposo mordendo os nosos sacos de durmir na procura de comida, vin xente que porteaba palas de praia e tres litros de cervexa en lata, vin como nos roubaron as mochilas ou como esgotamos as reservas de licor café e crema de Oruxo no último bar de Cabo Prior. Vin como naceron as Meigas Montañeiras e como viñeron para espallar o bo rolo.





PERÚ

¿Que pasa cando unha amiga che di que quere ir a Perú e que foi o seu soño dende a infancia? ¿Que pasa cando che din Perú e sentes a chamada da Cordilleira Branca, do Alpamayo, do Machu Picchu...? Pois pasa que ás veces os soños fanse realidade.

Lima e a súa eterna Garúa

No noso caso foi o 8 de Agosto de 2015 cando 5 amigas cada unha co seu soño, collemos un voo a Lima dende Porto con escala en São Paulo. Tras máis de 17 horas de voo, Lima acolleunos coa súa tradicional Garúa (néboa de cor gris) e o seu tráfico e caos. Logo dun percorrido exprés pola cidade, percatámonos de que Lima non era para nós, así que esa noite, e saltándonos todos os consellos de non viaxar de noite nun país tan “perigoso” (e póño entre comiñas xa que nos sentimos seguras no país), collemos un autobús a Huaraz, onde comezaba a nosa aventura de altura: o trekking pola Cordilleira Branca.

Huaraz, cidade do ladrillo

Huaraz está na canella de Huaylas, un val Norte-Sur polo que discorre o río Santa e que separa a Cordilleira Negra e a Cordilleira Branca. A metade da cidade foi destruída nun terremoto, polo que se reconstruíu a base de ladrillo. Nada mais chegar a Huaraz, organizámonos en Casa Zarela, refuxio de montañeiros.